



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

-----  
Partido dos Socialistas de Galicia  
-----

**M<sup>a</sup> Carmen Cajide Hervés, M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés e M<sup>a</sup> Carmen Acuña Docampo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

En Galicia, a camelia estase convertendo nunha planta moi popular, sobre todo nas Rías Baixas dadas as súas condicións climáticas. A isto veñen contribuíndo as persoas que, co seu gran empeño e esforzo, conseguiron que hoxe contemos con múltiples variedades de Camelia na nosa Comunidade Autónoma. Así, foron dando forma ó Concurso-Exposición Internacional da Camelia que cada ano, alternativamente, ven celebrándose en varios concellos da Comunidade Autónoma Galega, onde se expoñen as diferentes variedades e as novidades que se van creando.

Desde a súa introdución en Galicia, as diferentes especies da camelia veñen sufrindo o ataque de diferentes patóxenos e pragas, aos que desde hai un tempo hai que engadir o fungo *Ciborinia camelliae Kohn*, que afecta exclusivamente á flor da camelia.

Segundo varios documentos que así o recollen, a Ciborina é Orixinaria de Xapón, e apareceu en California (EE UU) nos anos trinta, e posteriormente en Nova Zelandia en 1994. Así mesmo, a introdución en España pode deberse á importación de camelias procedentes de EEUU e Xapón.

En canto ós síntomas e danos, a Ciborina afectan só ás flores de camelia provocando manchas nos pétalos. Para o desenvolvemento da enfermidade teñen que darse temperaturas entre 10 e 24°C e unha elevada humidade no ambiente, condicións que se dan moi frecuentemente en Galicia.

O control da Ciborina é difícil, polo que son importantísimas as medidas de tipo preventivo, sobre todo a eliminación inmediata das flores caídas ao chan e evitar o intercambio e distribución desde viveiros da planta infectada.



Grupo Parlamentario

Todas estas e outras medidas, son tidas moi en conta polas persoas que se dedican ao cultivo da camelia, sendo como é lóxico as máis interesadas en non contaminar os seus cultivos.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Temos coñecemento de que as persoas que se dedican a este cultivo en Galicia están moi interesadas en continuar dita labor importando novas especies de California, xa que din que é onde máis se innova en canto a especies de Camelia.

O Real Decreto 58/2005, de 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como a Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal, veñen limitando a importación da Camelia por mor de enfermidades como a *Ciborinia camelliae Kohn*.

Por todo o anteriormente exposto as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

1.<sup>a</sup>) ¿Que medidas ten establecido o Goberno Galego para dar solución a esta casuística, moi específica de produtores/as e comercializadores/as da camelia?

2.<sup>a</sup>) ¿Que medidas de apoio ten establecido, ou pensa pór en práctica, a Xunta de Galicia para o sector produtor e comercializador das plantas ornamentais?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2006

Asdo.: Carmen Cajide Hervés  
M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
M<sup>a</sup> Carme Acuña do Campo  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

.....  
**María del Carmen Cajide Hervés na data**  
**24/11/2006 10:35:20**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Soledad Soneira Tajés na data**  
**24/11/2006 10:35:31**

.....  
**María del Carmen Acuña do Campo na data**  
**24/11/2006 10:35:37**